



GUÍA PARA A XESTIÓN DOS REQUISITOS ADMINISTRATIVOS APLICABLES A ADEGAS

Arturo José Fernández González
José Carlos Prado Prado

PARTE 3

GUÍA PARA A XESTIÓN
DOS REQUISITOS
ADMINISTRATIVOS
APLICABLES A ADEGAS



Parte 3	
Requisitos relativos a declaracións	113
3.1. Declaracións á Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)	113
3.1.1. Declaración para a realización de determinadas prácticas enolóxicas	114
3.1.2. Presentación de documentos de acompañamento aos transportes	116
3.2. Declaracións ao Fogga e á AICA (INFOVI)	120
3.2.1. Declaración de colleita de uva	123
3.2.2. Declaración de produción: persoas proveedoras e xustificantes de compravenda de produtos ..	133
3.2.3. Declaración de eliminación de subprodutos obtidos na transformación vinícola	141
3.2.4. Declaración de produción e existencias de viño e mosto (INFOVI)	145
3.3. Declaracións á AEAT. Contabilidade de existencias	155
3.3.1. Contabilidade de existencias	155
3.3.2. Declaración trimestral de operacións na fábrica e depósitos de viño (modelo 553)	178
3.3.3. Relación trimestral de primeiras materias entregadas (modelo 521)	182
3.4. Declaracións aos consellos reguladores	185
5.3. Requisitos relativos aos nomes comerciais e marcas comerciais	216
5.3.1. Protección do nome xeográfico	217
5.3.2. Protección do nome da variedade Albariño	218
5.3.3. Protección do nome de variedades autóctonas	219
5.3.4. Rexistro de nomes comerciais e marcas comerciais	219
5.3.5. Requisitos autonómicos	220
5.4. Requisitos relativos á etiquetaxe	223
5.4.1. Requisitos xerais sobre etiquetaxe	223
5.4.2. Indicacións na etiquetaxe (requisitos comunitarios e estatais)	225
5.4.3. Outros requisitos sobre etiquetaxe propios do Estado español	245
5.4.4. Outros requisitos sobre a etiquetaxe propios da Comunidade Autónoma de Galicia	246
5.5. Precintas de garantía	248
5.6. Infraccións	249
5.6.1. Infraccións segundo a Lei 6/2015	249
5.6.2. Infraccións segundo a Lei 24/2003	251
5.6.3. Infraccións segundo a Lei 2/2005	253



Requisitos relativos a declaracións

Esta parte da guía recolle os requisitos administrativos relativos ás declaracións que periodicamente, ou en determinados momentos do ano, deben realizar as adegas a diferentes administracións.

Esencialmente, as declaracións téñense que realizar ás seguintes administracións:

- a. Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)
- b. Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)
- c. Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA)
- d. Axencia Tributaria (AEAT)
- e. Consellos reguladores

Neste caso non se inclúe unha apartado "Base normativa" ao comezo desta parte, senón que, debido á diferente natureza das declaracións, íranse indicando as disposicións legais de aplicación en cada un dos apartados que o integran:

1. Declaracións á Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)
2. Declaracións ao Fogga e á AICA (INFOVI)
3. Declaracións á AEAT

3.1. Declaracións á Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)

As adegas galegas deben realizar dous tipos de declaracións á Consellería do Medio Rural:

- a. Declaración para a realización de determinadas prácticas enolóxicas.

- b. Presentación dos documentos de acompañamento dos transportes de viño efectuados.

A continuación, explícanse as ditas declaracións e as condicións para a presentación destas.

3.1.1. Declaración para a realización de determinadas prácticas enolóxicas

Algunhas prácticas enolóxicas, ademais de ser rexistradas no correspondente libro rexistro (ver parte 2, apdo. 2.3, desta guía), deben ser obxecto de presentación dunha declaración á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural, con carácter previo á súa realización.

Esta obriga está recollida nos artigos 21 a 23 do Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.





Debe considerarse que este Decreto 158/2011, no tocante a prácticas enolóxicas, se basea no Regulamento (CE) nº 606/2009 da Comisión, do 10 de xullo de 2009, o cal foi derogado polo Regulamento delegado (UE) nº 2019/934 da Comisión, do 12 de marzo de 2019, o cal complementa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que se refire, entre outras cousas, ás prácticas enolóxicas autorizadas. En calquera caso, estes novos regulamentos europeos non cambian de forma moi relevante as condicións aplicables ás prácticas enolóxicas autorizadas para os viños de Galicia descritas no Decreto 158/2011 da Consellería do Medio Rural.

Tendo en conta estas consideracións, e dado que, no momento de elaborar esta guía, en Galicia segue estando vixente o Decreto 158/2011, a continuación explicaremos as obrigas derivadas deste en canto á presentación desta declaración, á espera dunha posible futura actualización derivada dos novos regulamentos europeos mencionados.

No devandito art. 21 do Decreto 158/2011 dise que as **prácticas enolóxicas sometidas a declaración**¹ son as seguintes:

- Edulcoración
- Acidificación
- Desacidificación
- Aumento artificial do grao alcohólico natural

¹ Non hai que confundir estas prácticas enolóxicas sometidas a declaración coas prácticas enolóxicas autorizadas. Estas últimas son un grupo máis grande, e están suxeitas ao seu rexistro no Libro Rexistro de Prácticas Enolóxicas.

Modelo MR360C	
	<p>Teño obriga?</p> <p>Si, cando realice unha das seguintes prácticas enolóxicas permitidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Edulcoración • Acidificación • Desacidificación • Aumento artificial do grao alcohólico natural
	<p>Código do procedemento?</p> <p>Modelo MR360C (ver figura 3.1.1). Este modelo pode tramitarse en liña ou descargarse da sede electrónica da Xunta de Galicia para a súa presentación presencial.</p>
	<p>Onde o presento?</p> <p>A solicitude de inscrición vai dirixida á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural.</p>
	<p>Cando o presento?</p> <p>Antes de comezar unha práctica enolóxica.</p>

A edulcoración e o aumento artificial do grao alcohólico natural son prácticas enolóxicas sometidas a declaración polo Decreto 158/2011, pero non son procedentes para os viños que se elaboran en Galicia, e ademais, para a súa realización, sería necesaria unha regulación que non se desenvolveu ata a data².

As prácticas enolóxicas máis habitualmente realizadas polas adegas son o sulfitado, a acidificación e a desacidificación.

O sulfitado non está sometido a declaración³, así como tampouco a rexistro no Libro Rexistro de Prácticas Enolóxicas (ver parte 2, apdo. 2.3, desta guía).

A acidificación e a desacidificación poderán ser comunicadas ata o segundo día seguinte a aquel no que se efectuou a primeira operación no transcurso dunha campaña, sendo está válida para o conxunto das operacións da campaña⁴.

² No Regulamento (UE) 1308/2013 figuran, no seu anexo VIII, as condicións que deben cumprir varias prácticas enolóxicas, entre as que se atopan o aumento artificial do grao alcohólico natural, a acidificación e a desacidificación. No apdo. 4, do punto D, parte I deste anexo indícase que estas prácticas enolóxicas deberán declararse ás autoridades competentes. Ademais, no art. 30.2 do Regulamento delegado (UE) 2018/273, indícase que os Estados membros da UE poden esixir que estas prácticas se notifiquen.

³ Xa que non figura no art. 29 do Regulamento delegado (UE) 2018/273, e no Regulamento delegado (UE) 2019/934, anexo I, parte B, unicamente figuran os límites do contido de anhídrido sulfuroso en viños.

⁴ Decreto 158/2011, art. 21.

Para máis información sobre as restantes prácticas enolóxicas autorizadas, as condicións nas que se poden realizar, así como os límites legais destas, aconsellamos consultar a máis recente lexislación vixente de aplicación, que, no momento de redactar esta guía, é o conxunto formado por:

- Regulamento delegado (UE) nº 2019/934 da Comisión, do 12 de marzo de 2019 (complementario do Regulamento (UE) nº 1308/2013). Esta é actualmente a disposición legal fundamental en materia de prácticas enolóxicas.
- Regulamento delegado (UE) 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017 (complementario do Regulamento (UE) nº 1308/2013), particularmente no seu art. 29.
- Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, particularmente o seu art. 80, anexo VII (parte II) e anexo VIII.

3.1.2. Presentación de documentos de acompañamento aos transportes

Na parte 4 desta guía recóllense os requisitos relativos aos transportes de produtos vitivinícolas. O máis importante deles é a obriga de utilizar un documento de acompañamento ao transporte de viño, que debe ser emitido polo expedidor da mercancía (ver parte 4, apdo. 4.1, desta guía).

O expedidor deberá remitir á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade, con anterioridade ao día 10 de cada mes, unha copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior⁵, sempre que se trate de transportes de produtos vitivinícolas fóra do réxime suspensivo de impostos especiais. Cando o viño circula en réxime suspensivo, o documento de acompañamento é un documento administrativo electrónico, e-DA, que non require desta presentación na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural. Se a isto engadimos que o transporte de uva ou mosto do viñedo á adega durante a vendima está exento do devandito documento de acompañamento, quedan moi poucos casos en que isto sexa necesario (p. ex. compra-venda de mosto entre adegas ou transporte de viño fóra do réxime suspensivo).

Este envío efectuarase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia mediante o **procedemento xeral (código PR004a)**.

⁵ Decreto 158/2011, art. 7.

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
DECLARACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS PRÁCTICAS ENOLÓXICAS R(CE) 606/2009		MR360C	DECLARACIÓN

DATOS DA PERSOA DECLARANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade declarante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE	
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.	
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)	
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.	
TIPO	NOME DA VÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NUM	BLOQ
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

NATURALEZA XURÍDICA					
<input type="checkbox"/> Persoa física	<input type="checkbox"/> S.A.	<input type="checkbox"/> S.L.	<input type="checkbox"/> C.B.	<input type="checkbox"/> Cooperativa	<input type="checkbox"/> S.A.T.
<input type="checkbox"/> Outras					



OBXECTO DA DECLARACIÓN

A realización da seguinte práctica enolóxica: (marque o que proceda)

Edulcoración

	Volume (litros)	Grao alcohólico (%vol)		Densidade
		Total	Adquirido	
Víño de partida				
Mosto (soamente para o caso de aumento artificial do grao alcohólico natural)				
Víño edulcorado				

Acidificación

Desacidificación

Aumento artificial do grao alcohólico natural (achégase informe sobre a necesidade da dita práctica):

Designación do produto

ENDEREZO DAS INSTALACIÓNS DA INDUSTRIA NA QUE SE REALIZARÁN AS PRACTÍCAS

TIPO NOME DA VÍA PROVINCIA

CONCELLO CÓDIGO POSTAL DÍA (soamente para o caso de aumento artificial do grao alcohólico natural) HORA (soamente para o caso de aumento artificial do grao alcohólico natural)

ENÓLOGO OU EQUIPO TÉCNICO RESPONSABLE DA REALIZACIÓN DNI

DOMICILIO PROVINCIA CONCELLO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Informe sobre a necesidade da dita práctica

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da entidade declarante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa declarante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade representante	<input type="checkbox"/>

Figura 3.1.1.b. Declaración de prácticas enolóxicas (modelo MR360C)

(Fonte: sede electrónica da Xunta de Galicia)



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que se acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 22 de abril de 2015 do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar.

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

 , de de

galicia

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

Xefatura territorial da Consellería do Medio Rural de

3.2. Declaracións ao Fogga e á AICA (INFOVI)

As empresas do sector vitivinícola están obrigadas a realizar unha serie de declaracións periódicas relativas á súa colleita, produción, existencias, compra-venda de produtos e eliminación de subprodutos, en virtude do establecido nas seguintes disposicións legais:

- Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola⁶, modificado polo Real decreto 313/2016, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, e o Real decreto 740/2015, do 31 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e se modifica o Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.

O decreto contén a normativa básica en materia de declaracións obrigatorias necesaria para o desenvolvemento do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios.

Este real decreto reforzou o sistema de declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e creou un sistema unificado de información no devandito sector, adscrito ao ministerio competente en materia de agricultura. Fai responsables aos operadores da correcta actualización dos seus datos no devandito sistema de información, para o que deben darse de alta e actualizar os seus datos cando sexa necesario no Rexistro de Operadores do Sector Vitivinícola (REOVI), e deben así mesmo presentar as súas declaracións telematicamente a través da aplicación informática denominada Sistema de Información de Mercados do Sector Vitivinícola (INFOVI).

Este real decreto foi máis recentemente modificado polo Real decreto 557/2020, do 9 de xuño, polo que se adoptan medidas extraordinarias no sector do viño para facer fronte á crise causada pola pandemia de COVID-19, e polo que se fixa unha norma de comercialización no sector do viño e se modifica a regulación sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e o programa de apoio ao sector do viño.

- Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

⁶ Debe terse en conta que este Real decreto 739/2015 se baseaba no Regulamento (CE) 436/2009, o cal actualmente está derogado polo Regulamento delegado (UE) 2018/273. Polo tanto, é previsible que nun futuro próximo poida sufrir así mesmo algunha modificación adicional ás efectuadas polo Real decreto 557/2020.

- Decreto 256/2011 da Xunta de Galicia, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial da produción vitícola de Galicia.

Este decreto foi modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural pola que se modifican anexos, prazos e normas procedementais do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia, debido á necesidade de adecuar a normativa autonómica á normativa estatal básica, con motivo da publicación do Real decreto 739/2015.

O obxectivo destas declaracións é mellorar a rastrexabilidade da produción vitivinícola e, ao mesmo tempo, facilitar a recompilación de tanta información sexa necesaria para o cumprimento das obrigas de seguimento do mercado vitivinícola previstas na normativa comunitaria e na básica estatal.

Estas declaracións deben dirixirse a dous organismos: o Fogga (Galicia) e a AICA (España).

O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) é un organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia, e adscrito á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Ademais de canalizar as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola (entre outros), é o organismo que se encarga de pagar os fondos europeos agrícolas en Galicia, como o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (Feader).

O Fogga dispón dunha sede central en Santiago de Compostela e de servizos territoriais en cada unha das catro provincias galegas. Os seus enderezos están dispoñibles no seu sitio web.

Pode consultarse máis información sobre o Fogga, as súas actividades e os seus enderezos no seu sitio web: www.fogga.xunta.gal.

A Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) é un organismo autónomo, adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, creado mediante a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, coa finalidade de controlar os dereitos e obrigas establecidos na devandita lei, instruindo ou iniciando o procedemento sancionador se detecta infraccións a esta.

Pode consultarse máis información sobre a AICA e as súas actividades no seu sitio web: www.aica.gob.es.

Para realizar estas declaracións ao Fogga e á AICA, a adega debe estar dada de alta no **Registro de Operadores do Sector Vitivinícola (REOVI)** (ver parte 1, apdo. 1.4, desta guía).

As declaracións obrigatorias que deben presentar as adegas son as seguintes:

A. Declaracións ao Fogga⁷:

- Declaración de colleita de uva para toda adega que cultiva uva, con certas excepcións (ver apdo. 3.2.1). Esta declaración divídese en dúas⁸:
 - Declaración da colleita de uva (código do procedemento MR441B).
 - Declaración da colleita de uva: Referencia SIXPAC das parcelas vitícolas (código do procedemento MR441C).
- Declaración de produción: persoas provedoras e xustificantes de compravenda de produtos, para toda adega que compra uva ou mosto a outras adegas ou viticultores (ver apdo. 3.2.2).
- Declaración de eliminación de subprodutos obtidos na transformación vinícola (código do procedemento MR441D; ver apdo. 3.2.3).
- Declaración destino das producións de plantacións ilegais (código do procedemento MR441G), se a adega dispón de viñedos propios⁹.

Cada unha destas declaracións faise unha vez ao ano, en determinados períodos establecidos para iso¹⁰.

Nota: Con anterioridade á publicación da Orde do 22 de setembro de 2021, da Consellería do Medio Rural, pola que se modifican anexos, prazos e normas procedementais do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia, deberíanse presentarse ademais outras dúas declaracións:

- Declaración de existencias de viños e mostos no 31 de xullo (antigo código do procedemento MR441A).
- Declaración de produción (antigo código do procedemento MR441D).

Estas dúas declaracións quedaron eliminadas, dado que a información contida nestas xa se declara tamén á AICA no INFOVI.

⁷ Ver Decreto 256/2011, art. 27.

⁸ Ademais, a Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural incorpora unha terceira declaración de colleita de uva (código do procedemento MR441I), que neste caso lle corresponde presentar a cada Consello Regulador.

⁹ Ver Decreto 256/2011, capítulo III e arts. 24 e 27. Esta declaración non será tratada nesta guía, por tratarse dun requisito moi específico das plantacións de viñedo, tema que escapa dos obxectivos principais desta guía.

¹⁰ Ver Decreto 256/2011, art. 27.

B. Declaracións á AICA (INFOVI):

- Declaración de produción e existencias de viño e mosto (ver apdo. 3.2.4).

Esta declaración farase:

- a. Con carácter mensual, aqueles operadores que nas catro campañas anteriores tivesen unha produción media de viño e mosto maior ou igual a 1.000 hectolitros.
- b. Dúas veces ao ano (nos meses de agosto e decembro), aqueles operadores que nas catro campañas anteriores tivesen unha produción media de viño e mosto menor a 1.000 hectolitros.

3.2.1. Declaración de colleita de uva

Esta declaración está esixida polo art. 3 do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola (modificado polo Real decreto 313/2016 e polo Real decreto 557/2020), e polo art. 25 do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial vitícola de Galicia (modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural).

Formulario MR441B Formulario MR441C

Teño obriga?



Si, se son unha adega que recolleita uva, xa sexa como propietaria de viñedos e/ou comprándoa a viticultores, agás se cumpro algunha das seguintes condicións:

- A miña produción total de uva destínase a consumo en estado natural, ou a pasificación ou a transformación directa en zume de uva.
- A miña explotación ten menos de 0,1 hectáreas de viña en produción e non comercializo ningunha parte da colleita.
- A miña explotación ten menos de 0,1 hectáreas de viña en produción e entrégoa totalmente a unha adega cooperativa ou agrupación da que somos socios ou membros.

Código do procedemento?



Formulario MR441B, "Declaración de colleita de uva" (figura 3.2.2).
Formulario MR441C, "Declaración de colleita de uva: Referencia SIXPAC das parcelas vitícolas" (figura 3.2.3).
Entregarase un documento por cada provincia na que existan viñedos.

Onde o presento?



Rexistro da sede electrónica da Xunta de Galicia, dirixido á Xefatura Territorial que corresponda da Consellería do Medio Rural ou servizo territorial correspondente do Fogga.

Se son persoa física, tamén pode presentala dalgún dos outros modos previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os máis habituais son:

- Oficinas de correos: nese caso debe levar a declaración dentro dun sobre aberto que ha de ir dirixido ao domicilio do servizo territorial correspondente do Fogga, e é conveniente levar tamén unha copia desa declaración. O funcionario de correos estamparalle, cun selo de correos que ten a data, o orixinal que está no sobre e a copia á parte que se queda o declarante como xustificante de entregalo en prazo.
- Nas oficinas de rexistro das oficinas agrarias comarcais (OAC).



Cando o presento?

Entre o 1 de agosto e o 10 de decembro de cada ano.



Base legal

- Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.
- Real decreto 313/2016, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, e o Real decreto 740/2015, do 31 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e se modifica o Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.
- Real decreto 557/2020, do 9 de xuño, polo que se adoptan medidas extraordinarias no sector do viño para facer fronte á crise causada pola pandemia de COVID-19, e polo que se fixa unha norma de comercialización no sector do viño e se modifica a regulación sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e o programa de apoio ao sector do viño.
- Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia.
- Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural pola que se modifican anexos, prazos e normas procedementais do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia.

A continuación, explícanse brevemente ambos procedementos:

PROCEDIMENTO MR441B:

Correspóndese co ANEXO D: Ia do Decreto 256/2011, modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021, que é o que se representa na figura 3.2.2¹¹.

Componse de 3 cadros denominados da A ao C.

No cadro A, debe indicarse a cantidade de uva cultivada, por tipoloxía (para viño con DOP, con IXP, sen DOP/IXP, etc.), ademais da súa superficie en produción (en ha) e o rendemento obtido (en múltiplos de 100 kg/ha).

No cadro B, debe indicarse o destino de uva cultivada, en múltiplos de 100 kg.

No cadro C, a adega debe indicar o destinatario da uva. Normalmente será para si mesma, polo que o destinatario será a propia adega, pero tamén pode darse o caso de vender uva a outras adegas.

Debe presentarse unha declaración por cada provincia onde se posúa superficie de viñado en produción, dirixindo cada unha delas (de ser o caso) ao servizo territorial correspondente do Fogga.

¹¹ Na figura 3.2.2 non se representa a totalidade do formulario para cubrir, senón soamente as partes de interese específico para esta guía. O formulario completo (que inclúe algúns apartados adicionais para a comprobación de datos, información sobre protección de datos persoais e lexislación aplicable, así como espazo para a sinatura da persoa declarante ou o seu representante) pode obterse no DOG nº. 189, do 30 de setembro de 2021, ou na sede electrónica da Xunta de Galicia.

PROCEDEMENTO MR441C:

Correspóndese co ANEXO D: Ib do Decreto 256/2011, modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021, que é o que se representa na figura 3.2.3¹².

Debe utilizarse unha fila para cada recinto SIXPAC diferenciado. Indicaranse os números da referencia SIXPAC en cada un dos recadros, as superficies de cada un dos recintos (en ha) e a produción (en múltiplos de 100 kg) de cada un¹³ deles. Estes datos han de ser coherentes globalmente cos reflectidos no cadro B do formulario MR441B.

¹² Na figura 3.2.3 non se representa a totalidade do formulario para cubrir, senón soamente as partes de interese específico para esta guía. O formulario completo (que inclúe algúns apartados adicionais para a comprobación de datos, información sobre protección de datos persoais e lexislación aplicable, así como espazo para a sinatura da persoa declarante ou o seu representante) pode obterse no DOG nº 189, do 30 de setembro de 2021, ou na sede electrónica da Xunta de Galicia.

¹³ Ver Real decreto 557/2020, disposición final cuarta.

PROCEDEMENTO DECLARACIÓN DE COLLEITA DE UVA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR441B	DOCUMENTO DECLARACIÓN
---	---	---------------------------------

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL <input style="width: 95%; height: 40px;" type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	NIF <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>
---	--	---	---

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

PARROQUIA	LUGAR
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL <input style="width: 95%; height: 40px;" type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	NIF <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>
---	--	---	---

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

PARROQUIA	LUGAR
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

Figura 3.2.2.a. Declaración da colleita de uva (código do procedemento MR441B)

(Fonte: DOG nº 189 do 30 de setembro de 2021)

ANEXO D: I a
 (continuación)

DATOS DA PERSOA TITULAR DO VIÑEDO SE NON É A PERSOA COLLEITEIRA

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CADRO A (NOTA: antes de cubrir os cadros A, B e C ler detidamente o documento de instrucións da sede electrónica)

 CAMPAÑA /
 Alta Baixa Modificación Código de explotación de Rexistro Vitícola de Galicia (CODEV)

 DATOS DO VIÑEDO SITUADO EN:

 CONCELLOS:

VIÑEDOS PARA A PRODUCCIÓN DE:	Superficie en produción (ha)	UVA COLLEITADA		
		Cantidade (100 kg)		Rendemento
		Tinta	Branca	
Viño con denominación de orixe protexida				
Viño con indicación xeográfica protexida				
Viños varietais sen DOP nin IXP				
Viños sen indicación xeográfica				
Outros viños				
TOTAL				

As hectáreas (ha) deben escribirse con dous decimais sen redondeo

Os rendementos (100 kg/ha) deben escribirse cun decimal sen redondeo

CADRO B

VIÑEDOS PARA A PRODUCCIÓN DE:	UVA EN 100 kg (ENTREGADOS COMO UVA OU MOSTO) DESTINADOS ÁS DISTINTAS UTILIZACIÓNS INDICADAS NO CADRO									
	Vinificación e/ou conservación pola persoa declarante		Entregadas a unha adega cooperativa		Vendidas a unha persoa vinificadora		Outros destinos			
	Tinta	Branca	Tinta	Branca	Tinta	Branca	Consumo fresco	Pasificado	Zume	Mosto conc.
Viño con denominación de orixe protexida										
Viño con indicación xeográfica protexida										
Viños varietais sen DOP nin IXP										
Viños sen indicación xeográfica										
Outros viños										
TOTAL										

Indicar as cantidades en múltiplos de 100 kg, con dous decimais sen redondeo

PROCEDEMENTO DECLARACIÓN DE COLLEITA DE UVA: REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS VITÍCOLAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR441C	DOCUMENTO DECLARACIÓN
---	--	---------------------------------

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ANDAR	PORTA	LUGAR	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ANDAR	PORTA	LUGAR	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Figura 3.2.3.a. Declaración da colleita de uva: referencia SIXPAC das parcelas vitícolas (código do procedemento MR441C)

ANEXO D: I b
(continuación)

DATOS DA PERSOA TITULAR DO VIÑEDO SE NON É A PERSOA COLLEITEIRA

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

CADRO A: REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS DE VIÑEDO
(NOTA: antes de cubrir este cadro A ler detidamente o documento de instrucións da sede electrónica)

CAMPAÑA /

Alta Baixa Modificación Código de explotación de Rexistro Víticola de Galicia (CODEV)

DATOS DO VIÑEDO	Provincia	Concello	Zona	Polígono	Parcela	Recinto	Superficie (ha)	Produción – 100 kg	
								Tinta	Branca
Viños con denominación de orixe protexida									
Viños con indicación xeográfica protexida									

Indicaranse os números da referencia SIXPAC en cada un dos recadros, as superficies de cada un dos recintos (en hectáreas, con dous decimais sen redondeo) e a produción (en múltiplos de 100 kg, con dous decimais sen redondeo) de cada un deles.

Estes datos teñen que ser coherentes cos reflectidos no cadro A do formulario MR441B.

Figura 3.2.3.b. Declaración da colleita de uva: referencia SIXPAC das parcelas vitícolas (código do procedemento MR441C)

(Fonte: DOG nº 189 do 30 de setembro de 2021)

ANEXO D: I b
(continuación)

CADRO A: REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS DE VIÑEDO (continuación)

DATOS DO VIÑEDO	Provincia	Concello	Zona	Polígono	Parcela	Recinto	Superficie (ha)	Produción – 100 kg	
								Tinta	Branca
Viños con indicación xeográfica protexida									
Viños varietais sen DOP ou IXP									
Viños sen indicación xeográfica									


 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

Figura 3.2.3.c. Declaración da colleita de uva: referencia SIXPAC das parcelas vitícolas (código do procedemento MR441C)

(Fonte: DOG nº 189 do 30 de setembro de 2021)

ANEXO D: I b
(continuación)

CADRO A: REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS DE VIÑEDO (continuación)

DATOS DO VIÑEDO	Provincia	Concello	Zona	Polígono	Parcela	Recinto	Superficie (ha)	Produción – 100 kg	
								Tinta	Branca
Viños sen indicación xeográfica									
Outros									

A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

No caso de comprar uva a provedores, na columna “Superficie viñedo en produción” hai que cubrir tamén as hectáreas de provedores das que procede o mosto (segundo o establecido no RD 739/2015). Este dato debe coincidir co consignado na declaración de provedores (modelo MR441E, ver apdo. 3.2.2).

MOSTO		2.DECLARACIÓN DE MOSTO						
		Mosto sin concentrar		Mosto concentrado	Mosto concentrado rectificad	Mosto parcialmente fermentado	TOTALES	
		Tinto/Rosado	Blanco					
A. Existencias iniciais de mosto		0	0	0	0	0	0	
B. Mosto elaborado		0	0	0	0	0	0	
C. Entradas de mosto	C.1. De España	0	0	0	0	0	0	
	C.2. Del resto de la UE	0	0	0	0	0	0	
	C.3. Importaciones terceros países	0	0	0	0	0	0	
TOTAL ENTRADAS DE MOSTO		0	0	0	0	0	0	
D. Salidas de mosto	D.1. Interiores	0	0	0	0	0	0	
	D.2. Al mercado exterior:							
	D.2.1. Al resto de la UE	0	0	0	0	0	0	
	D.2.2. A países terceiros	0	0	0	0	0	0	
	TOTAL MERCADO EXTERIOR		0	0	0	0	0	0
	D.3. Operaciones propias	0	0	0	0	0	0	
TOTAL SALIDAS DE MOSTO		0	0	0	0	0	0	
E. Ajustes		0	0	0	0	0	0	
F. Existencias finales mosto (1)		0	0	0	0	0	0	

** Los cuadros que aparecen a continuación (G, H) se deben rellenar con datos acumulados desde principio de campaña (1 Agosto)

G. Declaración de produción de mosto respecto a la cosecha de la campaña en curso

	Mosto Sin Concentrar		Total (hl)	Superficie viñedo en produción	Rendimiento (hl/ha)
	Tinto/Rosado	Blanco			
DOP	150	1.000	1.150	15	77
IGP	0	0	0	0	0
Varietales sin IG	0	0	0	0	0
sin IG	0	0	0	0	0
TOTALES	150	1.000	1.150	15	77

	Mosto concentrado	Mosto concentrado rectificad	Mosto parcialmente fermentado	TOTALES
Produción	0	0	0	0
Superficie de viñedo en produción (has)	0	0	0	0
Rendimiento (hl/ha)	0	0	0	0

H. Declaración de existencias de mosto

	Mosto sin concentrar		Mosto concentrado	Mosto concentrado rectificad	Mosto parcialmente fermentado	TOTALES
	Tinto/Rosado	Blanco				
Existencias (hl)	0	0	0	0	0	0

* (1) Existencias Finales Mosto = Existencias Iniciais Mosto + Mosto Elaborado + Entradas - Salidas +/- Ajustes

Observaciones:

Figura 3.3.2.d Caso práctico de declaración ampliada á AICA

(Fonte: elaboración propia)

c) DECLARACIÓN DÚAS VECES AO ANO (nos meses de decembro e agosto, antes do día 20 de cada mes)

Esta é a declaración que deben facer, nos meses de decembro e agosto, aquelas adegas que nas catro anteriores campañas tivesen unha produción media de viño e mosto **menor a 1.000 hectolitros**. Esta declaración terá que facerse nos meses de agosto e decembro, con datos acumulados referidos ao último día do mes anterior (é dicir, xullo e novembro, respectivamente).

CASO PRÁCTICO

Imos ilustrar esta declaración cun caso práctico:

Supoñamos que a pequena adega de razón social FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, MARÍA debe realizar a declaración das súas existencias de viño e mosto en decembro dun determinado ano. A declaración incluírá os datos acumulados desde o inicio da campaña, é dicir, desde o 1 de agosto ata o 30 de novembro.

A adega pertence a unha denominación de orixe e dispón de 1 hectárea de viñado en produción. Na vendima entraron nas instalacións da adega 10.250 kg de uva branca. Nesta campaña, a adega elaborou 7.500 litros de viño branco (sumando o rematado e o novo aínda en fermentación), a partir de 7.800 litros de mosto. Ademais, contaba con 5.000 litros de viño branco de campañas anteriores, xa embotellado. Todo o viño é amparado pola DO.

Durante o período correspondente á declaración (agosto a decembro) a adega vende:

- Un granel de 1.000 litros de viño branco a outra adega da mesma DO e outro de 500 litros de viño branco a unha adega de Portugal.
- 2.400 botellas de 0,75 litros a clientes nacionais.
- 800 botellas de 0,75 litros a clientes de Portugal e Alemaña.
- 120 botellas de 0,75 litros a un cliente brasileiro.

Lembrems que os datos deben consignarse en hectolitros.

Comezamos polos datos relativos ao viño (figura 3.3.3a).

Campaña: 20XX/20YY	Mes: NOVIEMBRE	REOVI: 13452	N.I.D.P.B.: 2601290547
Datos de la bodega/almacén/instalación donde se encuentran las existencias		Identificación del productor/propietario de las existencias	
CIF/NIF: 36254124N	Nombre del operador: FERNANDEZ VAZQUEZ, MARIA	CIF/NIF: 36254124N	Tipo Operador: PRODUCTOR
Teléfono: 986250021	RIA:	REOVI: 13452	Producción media: 108
Email: maria@bodegasdelnoroeste.es		Email: maria@bodegasdelnoroeste.es	Estado Declaración: CERRADA
Domicilio: RUA ROSALIA DE CASTRO, 34		Domicilio: RUA ROSALES, 20, 1º	Cerrado por: INSTALACIÓN
Población: CAMBADOS		Población: CAMBADOS	Fec. Ult. Grabación:
Provincia: PONTEVEDRA		Provincia: PONTEVEDRA	Fec. Rcp. Declaración:
Entrada de uva: Tinta Blanca			
Kg 0 14.254			

VINO

** Los cuadros que aparecen a continuación (H, I, J, K) se deben rellenar con datos acumulados desde principio de campaña (1 Agosto)

H. Declaración de producción de vino respecto a la cosecha de la campaña en curso

	Producción (hl)		Superficie de viñedo en producción (has.)	TOTALES (hl)
	Tinto/Rosado	Blanco		
DOP	0	75	1	75
IGP	0	0	0	0
Varietales sin IG	0	0	0	0
sin IG	0	0	0	0
TOTALES	0	75	1	75

I. Declaración de producción de vino elaborado a partir de mosto de otras campañas

	Tinto/Rosado	Blanco	TOTALES (hl)
DOP	0	0	0
IGP	0	0	0
Varietales sin IG	0	0	0
sin IG	0	0	0
TOTALES	0	0	0

J. Declaración de existencias de vino

	Tinto/Rosado		Blanco		TOTALES
	Graneles	Envasados (cualquier tamaño)	Graneles	Envasados (cualquier tamaño)	
DOP	0	0	75	50	125
IGP	0	0	0	0	0
Varietales sin IG	0	0	0	0	0
sin IG	0	0	0	0	0
TOTALES	0	0	75	50	125

K. Declaración de salidas de vino desglosado por categorías

		Tinto/Rosado		Blanco		TOTALES
		Graneles	Envasados (cualquier tamaño)	Graneles	Envasados (cualquier tamaño)	
DOP	Interiores	0	0	10	18	28
	Mercado UE	0	0	5	6	11
	Países terceros	0	0	0	1	1
TOTALES DOP		0	0	0	0	0
IGP	Interiores	0	0	0	0	0
	Mercado UE	0	0	0	0	0
	Países terceros	0	0	0	0	0
TOTALES IGP		0	0	0	0	0
Varietales sin IG	Interiores	0	0	0	0	0
	Mercado UE	0	0	0	0	0
	Países terceros	0	0	0	0	0
TOTALES V. SIN IG		0	0	0	0	0
sin IG	Interiores	0	0	0	0	0
	Mercado UE	0	0	0	0	0
	Países terceros	0	0	0	0	0
TOTALES SIN IG		0	0	0	0	0
TOTALES		0	0	15	25	40

Figura 3.3.3.a Caso práctico de declaración dúas veces ao ano á AICA

(Fonte: elaboración propia)

En canto ao mosto, na táboa G indicárase a produción da colleita en curso (78 hectolitros) e na táboa H, as existencias finais (a 30 de novembro) do período, que son cero (ver figura 3.3.3.b.)

MOSTO					
** Los cuadros que aparecen a continuación (H, I, J, K) se deben rellenar con datos acumulados desde principio de campaña (1 Agosto)					
G. Declaración de produción de mosto respecto a la cosecha de la campaña en curso					
	Mosto Sin Concentrar		Total (hl)	Superficie viñedo en produción	Rendimiento (hl/ha)
	Tinto/Rosado	Blanco			
DOP	0	78	78	1	78
IGP	0	0	0	0	0
Varietales sin IG	0	0	0	0	0
sin IG	0	0	0	0	0
TOTALES	0	0	0	0	0

	Mosto concentrado	Mosto concentrado rectificado	Mosto parcialmente fermentado	TOTALES
Produción	0	0	0	0
Superficie de viñedo en produción (has)	0	0	0	0
Rendimiento (hl/ha)	0	0	0	0

	Mosto sin concentrar		Mosto concentrado	Mosto concentrado rectificado	Mosto parcialmente fermentado	TOTALES
	Tinto/Rosado	Blanco				
Existencias (hl)	0	0	0	0	0	0
Observaciones:						

Figura 3.3.3.b Caso práctico de declaración dúas veces ao ano á AICA (Fonte: elaboración propia)

3.3. Declaracións á AEAT. Contabilidade de existencias

Neste apartado explícanse os requisitos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) no relativo aos rexistros das operacións da adega e as súas declaracións.

3.3.1. Contabilidade de existencias

A publicación da Orde HAC/998/2019, do 23 de setembro, pola que se regula o cumprimento da obriga de levanza da contabilidade dos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación (publicada no BOE nº. 240, do 5 de outubro de 2019), a súa entrada en vigor desde o 1 de xaneiro de 2020, e a súa modificación posterior a través da Orde HAC/566/2020, do 12 de xullo, trouxo consigo un cambio importante nos requisitos de

contabilidade de existencias esixida pola AEAT nas adegas de viño e, por conseguinte, na forma en que as adegas deberán xestionar estes requisitos.

A reforma baséase na unificación, harmonización e simplificación da información contable, convertendo os libros antes esixibles nun só, formado polo conxunto dos asentos contables transmitidos á AEAT, e eliminando as declaracións periódicas que van realizar os operadores.

No seguinte apartado faise un breve resumo dos requisitos da AEAT no ámbito da contabilidade de existencias que eran de aplicación ata o 31 de decembro de 2019. A continuación, nos apartados seguintes, explicaranse os requisitos en vigor desde o 1 de xaneiro de 2020, primeiro con carácter xeral, e, finalmente, as particularidades aplicables ao sector do viño e bebidas fermentadas.

3.3.1.1. SITUACIÓN ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2019

Ata o 31 de decembro de 2019, a AEAT esixía rexistrar as operacións dos distintos produtos que se manipulan dentro da adega mediante un sistema de contabilidade de existencias en soporte informático, e realizar unha declaración trimestral na súa sede electrónica.

Para a correcta levanza da contabilidade de existencias para a AEAT era necesario (segundo o art. 50 do Regulamento dos Impostos Especiais, RIE) ter habilitado un sistema contable en soporte informático (por exemplo, mediante follas de cálculo) cos seguintes libros ou contas (art. 66 RIE), que era necesario presentar trimestralmente a través da sede electrónica da AEAT:

- De primeiras materias: conta de contabilidade das materias primas entradas na adega, con indicación da súa procedencia, e a saída destas ao proceso de elaboración.
- Do proceso de elaboración: conta de materias primas empregadas no proceso (entradas) e viño obtido ou outros produtos obtidos (saídas).
- De produtos acabados: conta de viño e outros produtos obtidos na adega (entradas), e saídas destes de fábrica, con indicación do seu destino e do documento de circulación expedido (saídas). Para facilitar o reconto no almacén e depósitos e as súas minguas, debían ser diferenciados graneis e embotellados, en libros separados.
- Documentos de circulación: conta recompilatoria dos documentos de circulación expedidos en acompañamento de transportes de viño.

Ademais dos anteriores, podía levar un libro de devolucións (conta das devolucións de viño ou outros produtos á adega), no caso de que a adega dispuxese dunha zona para devolución de produtos que saísen con pagamento de impostos (é dicir, non en réxime suspensivo).

Como se dixo, a contabilidade de existencias debía levarse en soporte informático. Con todo, logo da solicitude, a oficina xestora podía autorizar o seu cumprimento mediante a utilización de libros foliados en soporte papel, sempre que o volume da produción anual (computada a de todos os establecementos titulares) non fose superior a 100.000 litros.

Tamén, ata o 31/12/2019, a oficina xestora, a pedimento da adega, podía aceptar que a contabilidade se levase en virtude do Regulamento (CE) 436/2009 (é dicir, utilizando os libros rexistro descritos no Decreto 158/2011, do 21 de xullo, da Consellería do Medio Rural; ver parte 2, apdo. 2.3, desta guía), que recollía as disposicións do Regulamento (CE) 479/2008 (art. 66 RIE).

3.3.1.2. SITUACIÓN DESDE O 1 DE XANEIRO DE 2020

Desde o 1 de xaneiro de 2020, a contabilidade de existencias das adegas elaboradoras de viño e bebidas fermentadas débese levar obrigatoriamente, como regra xeral, mediante un sistema contable en soporte informático, a través da sede electrónica da AEAT, denominado SILICIE (Subministración Inmediata de Libros Contables de Impostos Especiais).

O marco legal desta reforma constitúeo, esencialmente, o disposto na Orde HAC/998/2019, do 23 de setembro, pola que se regula o cumprimento da obriga de levanza da contabilidade dos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación (publicada no BOE nº. 240, do 5 de outubro de 2019) e o disposto na Orde HAC/566/2020, do 12 de xuño, pola que se modifica a Orde HAC/998/2019, do 23 de setembro. Esta segunda orde simplemente modificou a disposición transitoria primeira, prolongando certos prazos para a subministración dos asentos contables correspondentes a 2020.

A Orde HAC/998/2019 fai diversas referencias ao Regulamento dos Impostos Especiais (RIE), aprobado a través do Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo (BOE nº 179, do 28 de xullo de 1995), e que foi modificado en diversas ocasións desde a súa publicación inicial (polo que é necesario, se se consulta, facelo na súa versión consolidada).

A reforma supón a unificación dos antigos libros de contabilidade de existencias nun só, formado polo conxunto de todos os asentos fornecidos polo operador, mediante o portal SILICIE, á AEAT. Iso permite tamén suprimir a *Declaración trimestral de operacións en fábrica e depósitos de viño* (modelo 553, ver apdo. 3.3.2).

Non obstante, segundo o art. 6 da Orde HAC/998/2019, do 23 de setembro, tamén existe a posibilidade de levar esta contabilidade mediante un **sistema contable interno, é dicir, propio, en soporte informático, sempre que fornezámos electronicamente os asentos contables á AEAT a través do portal SILICIE en determinados momentos do ano** (que máis adiante se expoñen).

NOTA IMPORTANTE

Debemos saber diferenciar entre **registro** e **subministración** dos asentos contables:

- **Registro:** consiste na realización do asento, é dicir, o reflexo por escrito da operación, proceso ou movemento realizado (sempre dentro das 24 horas seguintes a que se leve a cabo).
- **Subministración** (á AEAT): consiste na transmisión dos asentos á AEAT electronicamente, a través do programa SILICIE.

Ademais, mantense a excepción vinculada ao volume de produción, é dicir: **as adegas cuxa produción non sexa superior a 100.000 litros¹⁸ e cuxa clave de actividade sexa V1** (elaboradores de viño; tamén é aplicable aos operadores con clave de actividade F1 -elaboradores de bebidas fermentadas-) **poderán cubrir a contabilidade de existencias mediante a utilización de libros foliados en soporte papel (previa opción expresa)**. Estes deberán ser libros especificamente destinados á contabilidade de existencias para a AEAT, que ademais deberán presentarse na oficina xestora de IIEE para ser dilixenciados antes de iniciar a súa formalización. **Cando a levanza dos libros se faga en soporte papel, non se ten que efectuar a presentación electrónica** (respecto diso, véxase o caso particular da epígrafe 3.3.1.5.). Con todo, si será necesario presentar a *Declaración trimestral de operacións en fábrica e depósitos de viño* (modelo 553), nos prazos regulamentarios.

Nota: A contabilidade debe comprender os produtos existentes nos almacéns auxiliares inscritos no registro territorial co mesmo CAE da adega.

Para calquera cuestión relacionada con Impostos Especiais ou SILICIE, recomendamos consultar as “preguntas frecuentes” dispoñibles na web da AEAT, ou ben ao Servizo de Intervención da AEAT ou á súa oficina xestora de IIEE da AEAT. Así mesmo, dispónse dun enderezo de correo electrónico habilitado para estas cuestións en Galicia: oficinages-toraiee.galicia@correo.aeat.es.

Ademais, o portal SILICIE dispón de dúas caixas de correo electrónico para consultas:

- Para cuestións xurídicas: silicie@correo.aeat.es
- Para cuestións informáticas: atenusu@correo.aeat.es

¹⁸ Para estes efectos, tomarase como volume de produción anual o correspondente ao ano natural inmediato anterior, computando a suma de todos os establecementos do titular.

3.3.1.3. CONTABILIDADE DIRECTAMENTE MEDIANTE O PORTAL SILICIE: XENERALIDADES

Os operadores que decidan levar a súa contabilidade de existencias na sede electrónica da AEAT directamente mediante o portal SILICIE (Subministración Inmediata de Libros Contables de Impostos Especiais) non terán que levar ningún outro libro propio, nin en soporte electrónico nin en papel, para o control dos produtos suxeitos a impostos especiais.

NOTA IMPORTANTE

A continuación, preséntanse as regras xerais da levanza directa da contabilidade de existencias a través de SILICIE. No entanto, **os elaboradores de viño e bebidas fermentadas gozan de certas excepcións a estas regras xerais ás que poden acollerse, e que se detallan na epígrafe 3.3.1.5.**

Como regra xeral, cada asiento contable rexistrado e fornecido referirase a un único movemento, operación ou proceso, ou tamén a unha diferenza (é dicir, unha mingua).

Todo asiento contable deberá estar adecuadamente soportado pola correspondente documentación xustificativa. Esta documentación deberá conservarse no propio establecemento, ao dispor da inspección ou intervención da AEAT, mentres non expirase o período de prescrición, podendo manterse en soporte electrónico.

Cando se utilice o portal SILICIE como sistema de contabilidade de existencias, a subministración electrónica á AEAT deberá realizarse no prazo de 24 horas hábiles desde o momento de producirse o movemento, operación ou proceso obxecto do asiento.

Nota: Considéranse sábados, domingos e festivos como días non hábiles.

Por exemplo:

- Se a operación se efectúa un luns 5 ás 12:00, dispoñerase ata o día seguinte, martes 6 (se é laborable), á mesma hora, para a súa subministración electrónica á AEAT (se o martes 6 fose festivo, o prazo pasaría ao mércores 7).
- Se a operación se efectúa un venres 27 ás 16:30, dispoñerase ata o luns 30 á mesma hora.

Para estes efectos, os movementos de entrada ou saída por estrada dos produtos considéranse realizados no momento en que teñen lugar. Por exemplo, se facemos un envío de viño desde a nosa adega saíndo este ás 13:15, este é o momento no que ten lugar o movemento (e non o de chegada ao destinatario).

A falta de asentos nun día determinado, cando os houberse en días posteriores, enténdese como falta de movemento nesa data.

As condicións xerais e o procedemento, coas súas distintas modalidades posibles, para realizar a subministración electrónica dos asentos contables, están recollidos nos artigos 7, 8 e 9 da Orde HAC/998/2019. Así mesmo, os datos que deben cubrirse para o rexistro e a subministración electrónica á AEAT están debidamente detallados no Anexo I da Orde HAC/998/2019, así como na web da AEAT. Estes datos deben cubrirse utilizando os códigos recollidos nas táboas publicadas.

3.3.1.4. CONTABILIDADE MEDIANTE SISTEMA CONTABLE INTERNO: XENERALIDADES

Os establecementos que optasen pola levanza e subministración da contabilidade de existencias mediante un sistema contable interno en soporte informático (segundo permite o artigo 6 da Orde HAC/998/2019) deberán ter en conta unha serie de consideracións, que a continuación se sinalan:

NOTA IMPORTANTE

A continuación preséntanse as regras xerais da levanza da contabilidade de existencias a través dun sistema contable interno coa subministración de asentos á AEAT a través do portal SILICIE. Non obstante, **os elaboradores de viño e bebidas fermentadas gozan de certas excepcións a estas regras xerais ás que poden acollerse, e que se detallan na epígrafe 3.3.1.5.**

1. A AEAT considera que a contabilidade de existencias está integrada unicamente polos asentos contables que fosen subministrados electronicamente a través da sede electrónica da AEAT. Isto significa que calquera asento que fagamos no noso sistema contable interno, pero que por calquera motivo non subministramos electronicamente á AEAT, se considerará inexistente.

Non obstante, desde o prazo de subministración do último asento ao SILICIE ata a seguinte subministración ao SILICIE, ten plena validez a contabilidade interna do establecemento, xa que a Administración non ten coñecemento dos movementos e operacións non subministradas. Isto é moi importante á hora de realizar recontos en establecementos por parte do Servizo de Intervención da AEAT.

2. Esta opción débese exercer por vía electrónica, na aplicación SILICIE, antes do ano natural en que deba producir efecto (ou coa declaración de inicio de actividade, se a adega é nova). Ademais, se se opta por esta modalidade, deberá manterse polo menos durante o ano natural para o que se exerceu a opción. A partir de aí, poderá renunciarse a esta modalidade, exercendo tamén esta opción antes do inicio do seguinte ano (se non, considerarase prorrogada).

Por exemplo, se se decide facer así para o ano 2022, deberá exercerse esa opción en SILICIE antes do 31 de decembro de 2021, e mantelo durante todo o ano 2022. Se

non quedamos satisfeitos coa experiencia e decidimos levar a contabilidade directamente en SILICIE a partir de 2023, deberemos exercer a opción de renuncia antes do 31 de decembro de 2022.

Aínda así, os operadores que non optasen pola vía electrónica antes do 31 de decembro, poderán ser autorizados coa condición de que empezasen a realizar a levanza de existencias mediante un sistema contable interno coa subministración de asentos á AEAT a través do portal SILICIE antes do 20 de xaneiro (fin do prazo de presentación do modelo 553).

Por outra banda, os operadores que inicien as actividades no ano natural en curso, poderán optar ao tempo de presentar a declaración de comezo da actividade. A dita opción producirá efecto desde o comezo da actividade.

3. Cada asento deberá **rexistrarse**, na contabilidade interna, no prazo de 24 horas hábiles desde o momento de producirse o movemento, operación ou proceso obxecto do asento (do mesmo xeito que no caso de levar a contabilidade no SILICIE). Pero, para a **subministración** electrónica á AEAT dispoñeráse, neste caso, de **5 días hábiles desde o rexistro** do asento (que pode ser, como se dixo, ata 24 horas posterior ao movemento; non obstante, se nos atrasamos no rexistro do asento, o prazo contarase desde pasadas as 24 horas hábiles desde o movemento).

A este tipo de subministración (días despois do rexistro do asento) denominarémola "subministración diferida".

Nota: Considéranse sábados, domingos e festivos como días non hábiles.

A continuación, preséntanse algúns exemplos. En todos eles se considera que non hai ningún día festivo nestes períodos (se o houbera, os prazos incrementaríanse tantos días como festivos haxa):

- Se a operación se efectúa un luns 15 ás 12:00, dispoñeráse ata o día seguinte, martes 16, á mesma hora, para o seu rexistro no sistema contable interno, e ata o martes 23, á mesma hora, para a súa subministración electrónica á AEAT.
- Se a operación se efectúa un venres 8 ás 16:30, dispoñeráse ata o luns 11, á mesma hora, para o rexistro, e ata o luns 18 para a subministración electrónica.
- Se a operación se efectúa un mércores 20 ás 11:00, dispoñeráse ata o día seguinte, xoves 21, á mesma hora, para o seu rexistro no sistema contable interno, e ata o xoves 28, á mesma hora, para a súa subministración electrónica á AEAT. Se nos atrasamos no rexistro e o facemos, por exemplo, dous días despois do movemento, é dicir, o venres 22, o prazo para a súa subministración electrónica á AEAT seguirá sendo o xoves 28.

Por outra banda, o mes de agosto poderase considerar inhábil para os efectos de subministración electrónica dos asentos (non de rexistro na contabilidade interna). Se se opta por iso, o prazo de subministración trasládase ao primeiro día hábil de setembro.

Así, por exemplo:

- Se a operación se efectúa un venres 31 de xullo, dispoñeráse ata o luns 3 de agosto, á mesma hora, para o seu rexistro no sistema contable interno, e ata o martes 1 de setembro (se é día hábil), á mesma hora, para a súa subministración electrónica á AEAT.

A figura 3.3.4 mostra a diferenza de prazos entre a subministración directa na sede electrónica e a subministración a partir de sistema contable interno.




Figura 3.3.4 Prazos para o rexistro e/ou subministración de asentos contables (regra xeral, non específica dos elaboradores de viño e bebidas fermentadas) (Fonte: elaboración interna a partir da AEAT)

As condicións xerais e o procedemento, coas súas distintas modalidades posibles, para realizar a subministración electrónica dos asentos contables, están recollidos nos artigos 7, 8 e 9 da Orde HAC/998/2019. Así mesmo, os datos que se deben cubrir para o rexistro e a subministración electrónica á AEAT están debidamente detallados no Anexo I da Orde HAC/998/2019.

3.3.1.5. CONSIDERACIONES PARTICULARES PARA OS ELABORADORES DE VIÑO E BEBIDAS FERMENTADAS

Aínda que nos apartados 3.3.1.3 a 3.3.1.4 se presentaron as xeneralidades dos requisitos aplicables desde o 1 de xaneiro de 2020, a Orde HAC/998/2019 expón, na súa Disposición Adicional Primeira, certas consideracións particulares aplicables aos elaboradores de viño e bebidas fermentadas, que simplifican e fan máis laxo o réxime de contabilidade de existencias. Iso débese a que, actualmente, o tipo impositivo do Imposto sobre o Viño e as Bebidas Fermentadas (IVBF) é cero.

- No punto 2 da Disposición Adicional Primeira, establécense as consideracións particulares para os operadores autorizados como elaboradores de viño ou como elaboradores doutras bebidas fermentadas.
- No punto 3 da Disposición Adicional Primeira, establécense as consideracións particulares para os operadores autorizados como elaboradores de viño ou como elaboradores doutras bebidas fermentadas cuxo volume de produción anual non supere os 100.000 litros.

É importante destacar que estas consideracións particulares son de aplicación **mentres o tipo impositivo do IVBF siga sendo cero**, e que a nosa clave de actividade sexa **V1** (para os elaboradores de viño; tamén é aplicable aos operadores con clave de actividade F1 –bebidas fermentadas-).

Téñase en conta que, se o establecemento, ademais de viño, elabora outros produtos con contido alcohólico (p. ex., licores), non debe dispoñer dunha clave de actividade V1, senón **BA (fabricante de bebidas alcohólicas)**, o que lle impedirá acollerse a estas consideracións particulares.

Estas consideracións particulares explícanse a continuación.

1. As operacións de elaboración realizadas ao longo dun mes natural, poderanse considerar realizadas o último día do mes no que se desenvolveron. Isto significa que **é suficiente con rexistrar un asento ao mes para cada tipo de operación de elaboración** (o cal non inclúe as entradas de materias primas), con referencia ao último día do mes.

Nota: Os embotellamentos, ao non considerarse operacións de elaboración, non poden agruparse nun único asento. É dicir, será necesario rexistrar un asento por cada embotellamento realizado.

2. Estes asentos contables relativos ás operacións de elaboración de viño ou mosto, e **tamén os de entradas de materias primas**, poderán ser **subministrados de forma agregada nun único asento contable mensual**.

Por exemplo, na vendima, aínda que teremos que rexistrar todas e cada unha das entradas de uva en diferentes asentos contables, poderemos subministrar á AEAT un único asento para todas as entradas de uva do mes (se a vendima se desenvolve entre setembro e outubro, terá que subministrarse un asento para as

entradas de setembro, datado a día 30 de setembro, e outro para as de outubro, datado a día 31 de outubro).

3. Nestes asentos agregados **non é necesario cubrir o apartado "xustificante"** do asento contable.

Non obstante, no caso de optar pola subministración agregada, en todo momento debe estar ao dispor da inspección ou intervención da AEAT a documentación e información **individualizada** de cada unha das operacións que se agregaron nun único asento.

4. **O prazo para realizar a subministración** dos asentos contables a través de SILICIE para quen utilice un sistema contable interno **será o último día hábil do mes seguinte** a aquel en que se realice o movemento, operación ou proceso. É dicir, non se aplica o prazo xeral de 5 días hábiles mencionado no apdo. 3.3.1.4, senón que a "subministración diferida", para os elaboradores de viño, vai máis aló deses 5 días hábiles.

Isto significa que unha adega que utilice un sistema contable interno só está obrigada a subministrar os seus asentos contables 12 veces ao ano, unha vez por mes. E, ademais, é suficiente con subministrar un asento mensual para cada tipo de operación.

5. O prazo para realizar a subministración dos asentos contables a través de SILICIE para pequenos elaboradores (é dicir, os que teñan un volume de produción anual non superior aos 100.000 litros¹⁹) e que utilicen un sistema contable interno, será:
 - a. O último día hábil do mes de decembro, en relación aos procesos, movementos e operacións realizados nos meses de agosto a novembro inmediatamente anteriores;
 - b. O último día hábil do mes de agosto, en relación aos procesos, movementos e operacións realizados nos meses de decembro a xullo inmediatamente anteriores.

A este tipo de subministración, moito máis laxa que as explicadas anteriormente, denominarémola **"subministración diferida plus"**.

Isto significa que unha pequena adega con sistema contable interno só está obrigada a subministrar os seus asentos contables dúas veces ao ano, nos meses de agosto e decembro.

A figura 3.3.5 mostra as diferenzas de prazos entre a subministración directa na sede electrónica, a "subministración diferida", a partir do sistema contable interno, e a "subministración diferida plus" a partir de sistema contable interno.

¹⁹ Para estes efectos tomarase como volume de produción anual o correspondente ao ano natural inmediato anterior, computando a suma de todos os establecementos do titular.




Figura 3.3.5 Prazos opcionais para o rexistro e/ou subministración de asentos contables para elaboradores de viño e bebidas fermentadas (Fonte: elaboración interna a partir da AEAT)

CASO PARTICULAR: CONTABILIDADE MEDIANTE LIBROS FOLIADOS EN SOPORTE PAPEL (SÓ PEQUENOS ELABORADORES)

Se somos un “pequeno elaborador”, é dicir, a nosa produción non é superior a 100.000 litros²⁰, a AEAT permítenos levar a contabilidade de existencias (ademais de polos métodos anteriormente explicados, é dicir, directamente no SILICIE ou mediante o sistema contable interno) coa utilización dun ou varios **libros foliados en soporte papel, sen estar obrigados neste caso a subministrar os asentos contables electronicamente á AEAT.**

²⁰ Para estes efectos tomarase como volume de produción anual o correspondente ao ano natural inmediato anterior, computando a suma de todos os establecementos do titular.

Para iso **hai que exercer esta opción durante o mes de novembro** do ano anterior ao que se desexa iniciar a levanza da contabilidade de existencias en libros foliados en soporte papel.

Neste caso, deberemos ter en conta algunhas consideracións, que a continuación se sinalan:

1. Deberán ser libros especificamente destinados á contabilidade de existencias para a AEAT, que ademais deberán presentarse na oficina xestora de IIEE para ser dilixenciados antes de iniciar a súa formalización.
Polo tanto, estes “libros foliados” desde o 1 de xaneiro de 2020 **xa non poden ser os libros rexistro descritos no Decreto 158/2011, do 21 de xullo, da Consellería do Medio Rural** (ver parte 2, apdo. 2.3, desta guía).
2. Deberemos levar a contabilidade de materias primas e produtos rexistrando as materias primas entradas na fábrica e as utilizadas no proceso de elaboración, o viño obtido e o viño que saia da fábrica, con indicación do seu réxime fiscal e do documento de circulación expedido. Esta contabilidade comprenderá os movementos de produtos nos almacéns auxiliares inscritos como tales no rexistro territorial da oficina xestora de IIEE.
3. Seguiremos estando obrigados a presentar a **declaración trimestral de operacións** segundo o modelo 553 (ver apdo. 3.3.2) e a **relación trimestral das primeiras materias entregadas** segundo o modelo 521 (ver apdo. 3.3.3).

3.3.1.6. RECONTOS DE EXISTENCIAS E PERDAS ADMISIBLES

Con independencia do sistema de contabilidade de existencias que leve, existe a obriga (artigo 51 RIE) de facer **como mínimo un reconto das existencias antes de que remate cada trimestre**.

En caso de detectar algunha diferenza entre a cantidade real ou física e a cantidade teórica recollida no noso sistema contable, deberemos rexistrar o correspondente axuste de saldos o último día de cada trimestre, e subministralo á AEAT segundo corresponda (ver epígrafes 3.3.1.3 a 3.3.1.5).

Ademais dos recontos de existencias propios, os servizos de intervención e inspección da AEAT poden realizar recontos de existencias cando o estimen oportuno, e formalizar a dilixencia do resultado.

As diferenzas detectadas polos servizos de intervención e inspección da AEAT, tanto se son en menos (por enriba das perdas admisibles) como en máis, poden dar orixe a un expediente sancionador por infracción tributaria (artigo 52 RIE).

Para o viño e bebidas fermentadas, as **perdas admisibles son as seguintes** (artigo 67 RIE):

1. Na **transformación do mosto en viño** (produto obxecto do imposto especial, IVBF), son o **1,5%** do volume total de mosto posto en fermentación (artigo 67 RIE).

2. Por **almacenamento do produto**: estas perdas calcúlanse sobre as existencias medias trimestrais do produto; isto é, sobre a media da cantidade existente ao final de cada un dos días que integran o trimestre natural de que se trate.

Como regra xeral, un **0,5%** das existencias medias trimestrais.

No caso particular de **almacenamento en envases de madeira** non revestidos nin exterior nin interiormente (barricas), un **1,5%** das existencias medias trimestrais.

3. No **embotellamento**: **0,5%** da cantidade que se vai embotellar.
4. No **transporte** (incluída a descarga): en continentes de máis de 200 litros de capacidade, o **0,5%** da cantidade transportada.

3.3.1.7. CUESTIÓNS XERAIS RELATIVAS Á CONTABILIZACIÓN DOS PROCESOS DE ELABORACIÓN DE VIÑO

A reforma presentada anteriormente, relacionada coa forma na que as adegas deben xestionar a contabilidade de existencias esixida pola AEAT, produciu un cambio importante respecto á situación anterior. Por iso, neste apartado, se tratan de resolver as cuestións máis comúns relacionadas coa contabilización das operacións e movementos realizados por establecementos suxeitos á obriga de levanza da súa contabilidade a través do SILICIE, concretamente establecementos que operan como elaboradores de viño.

As cuestións principais fan referencia á contabilización das operacións de fabricación de viño, así coma a como deben reflectirse na contabilidade de existencias diversas operacións, que abraguen desde a entrada de materia prima ata a obtención do produto final e o embotellamento.

NOTA: Nos exemplos presentados neste apartado empréganse os códigos correspondentes de *Tipo de xustificante*, *Tipo de documento de identificación*, *Epígrafe fiscal*, *Código de epígrafe*, *Código NC*, *Clave* e *Tipo de envase*, en función das características de cada exemplo. Para identificar os códigos para empregar en cada caso, estes pódense consultar na información que proporciona o propio SILICIE en cada apartado ou na web da AEAT.

1. CUESTIÓNS RELATIVAS Á IDENTIFICACIÓN DOS PRODUTOS OBXECTO DOS ASENTOS CONTABLES NO SILICIE

Para a contabilización dos movementos e operacións no SILICIE é necesaria unha correcta identificación dos produtos obxecto dos asentos contables. Esta identificación realízase a través dos seguintes campos do asiento:

- Epígrafe fiscal
- Código da epígrafe
- Código NC

- Clave
- Descrición
- Referencia

Unha vez identificado un produto, todos os asentos contables relativos ás operacións, movementos e procesos que afecten ese produto deben reflectir a mesma identificación do produto en todos e cada un dos campos anteriormente sinalados. Neste sentido, se se modifica algún dos campos de identificación asignados ao produto, deberase informar do cambio mediante un asiento contable no que se poderán utilizar os tipos de movemento "A16 – Entrada por cambio de código" ou "A17 – Saída por cambio de código".

Respecto aos campos anteriormente mencionados, o uso dos campos de *epígrafe* e *código da epígrafe* do produto soamente hai que cubrilos cando os produtos obxecto do asiento contable estean incluídos no ámbito obxectivo dos impostos especiais de fabricación, como o indica o disposto no anexo da Orde HAC 998/2019.

En relación co campo *de clave*, e conforme o disposto no anexo da Orde HAC 998/2019, deberase cubrir este campo cando os produtos obxecto do asiento contable estean incluídos nas táboas de claves publicadas na sede electrónica da Axencia Tributaria. Con carácter xeral, para estes efectos, terase en conta a táboa de claves de produto previstas para o imposto especial en cuxo ámbito obxectivo se inclúa o produto que para a súa fabricación ou almacenamento se atope autorizado o interesado.

2. ENTRADA DE UVA (MATERIA PRIMA) NO ESTABLECEMENTO

Para contabilizar a entrada de uva ou de calquera materia prima no establecemento, é necesario subministrar os correspondentes asentos contables utilizando un tipo de movemento de entrada. A Figura 3.3.6 mostra, a título informativo, os posibles campos do asiento contable correspondente a unha entrada de uva no establecemento.

Tipo Movemento	Réxime fiscal	Código NC	Clave	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto
A02	1-NON SUXEITO	08061090	V01	10.000,00	KGM	UVA

Figura 3.3.6 Asento contable de entrada de uva no establecemento (Fonte: AEAT)

Se a materia prima reflectida fose distinta da uva, sería preciso modificar os datos reflectidos de *código NC*, *descrición* e, de ser o caso, *réxime fiscal*. O réxime fiscal non suxeito só se reflectirá se os produtos obxecto do asiento non están incluídos no ámbito obxectivo dos impostos especiais.

3. INCORPORACIÓN DA UVA AO PROCESO DE ELABORACIÓN

Para contabilizar a incorporación da uva ou outras materias primas ao proceso de elaboración, procederase a subministrarse un asento contable no que se poderá utilizar o tipo de movemento "A14 - Autoconsumo/ empregado". Con este asento infórmase das cantidades de materias primas que se consomen ou incorporan no proceso de fabricación. Mediante os asentos do tipo "autoconsumo/empleado" minoraranse as existencias dos produtos obxecto destes (identificados polo código NC e, de ser o caso, polo código de referencia interno). A figura 3.3.7 ilustra un exemplo no que se incorporan 10.000 kg de uva ao proceso de elaboración.

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Código NC	Clave	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto
A14	1-NON SUXEITO	V01	xxx	08061090	V01	10.000,00	KGM	UVA

Figura 3.3.7 Asento contable de incorporación de uva ao proceso de fabricación (Fonte: elaboración propia)

É importante que a identificación do produto sexa a mesma que se utilizou ao dar de alta a materia prima con ocasión da súa entrada no establecemento, para que o operador poida consultar as súas existencias correctamente, xa que a consulta se ofrece en función dos datos declarados. Se se utilizan distintos criterios para reflectir entradas e consumos, os datos declarados non permitirán obter unha consulta de existencias coherente.

4. CONTABILIZACIÓN DOS PRODUTOS RESULTANTES DO PROCESO DE ELABORACIÓN

Os produtos obtidos no proceso de elaboración contabilizaranse subministrando os correspondentes asentos contables co tipo de movemento "A15 - Fabricado/obtido". Con este tipo de movemento daranse de alta na contabilidade de existencias o viño e demais produtos obxecto de impostos especiais que se obtiveron no proceso de elaboración desenvolto no establecemento. Cada produto obtido identificarase polo seu código NC, descrición, e de ser o caso, referencia interna asignada polo interesado.

A figura 3.3.8 ilustra un exemplo no que se contabilizan 10.000 litros de mosto no proceso de elaboración.

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Código NC	Clave	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A15	2-SUSPENSIVO	V01	xxx	20096110	V02	10.000,00	LTR	MOSTOS	VF01-VF03

Figura 3.3.8 Asento de contabilización de produto resultante (mosto) do proceso de elaboración (Fonte: elaboración propia)

5. DIFERENZAS (MINGUAS OU EXCESOS) NOS PROCESOS DE FABRICACIÓN

Se se producen diferenzas (minguas ou excesos) no proceso de elaboración, estas refléctanse contablemente utilizando os tipos de movemento "A32 - Diferenzas en menos fabricación" e "A33 - Diferenzas en máis fabricación".

Os movementos de diferenzas no proceso de elaboración teñen carácter informativo e non teñen incidencia sobre as existencias.

Na figura 3.3.9 móstrase un exemplo no que se contabiliza unha mingua de 150 litros de mosto.

Tipo movemento	Diferenzas en menos	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Código NC	Clave	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A32	VB01	1-NON SUXEITO	V01	xxx	20096110	V02	150,00	LTR	MOSTOS	VF01-VF03

Figura 3.3.9 Asento de contabilización de minguas no proceso de elaboración (Fonte: elaboración propia)

6. PRODUTOS OBTIDOS QUE DEBEN SER REFLECTIDOS NA CONTABILIDADE

En relación cos produtos obtidos que deben ser reflectidos contablemente, o artigo 50 do RIE establece que a contabilidade se referirá aos produtos obxecto dos impostos especiais e ás materias primas utilizadas para obtelos.

Polo tanto, calquera produto obtido, xunto co viño ou bebida fermentada, elaborado no establecemento e que estea incluído no ámbito obxectivo dos impostos especiais, debe ser reflectido na contabilidade. En particular, os bagazos e lías deben ser reflectidos na contabilidade ao ser residuos de orixe vínica derivados ou obtidos no proceso de elaboración do viño. A identificación dos bagazos e lías realizarase a través do seu código NC, podéndose indicar para os bagazos o 23080019 e para as lías o 23070019. Non é necesario rexistrar o cangallo na contabilidade de impostos especiais, se pode ser considerado un residuo e sempre que non teña contido alcohólico superior ao 1,2% vol.

A figura 3.3.10 mostra a contabilización de 200 kg de bagazos.

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Tipo de xustificante	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A15	1-NON SUXEITO	V01	xxx	J09/J10	1	V0	23080019	200,00	KGM	BAGAZOS	VF01-VF03

Figura 3.3.10 Asento de contabilización de produto resultante (bagazos) do proceso de fabricación (Fonte: elaboración propia)

Para contabilizar a saída dos bagazos ou lías do establecemento elaborador de viño, poderase reflectir un asento contable co tipo de movemento "A08 - Saída interior",

e contabilizárase como unha saída con destino ao ámbito territorial interno²¹. Así o reflecte a figura 3.3.11, na que vemos un asiento en que se dá saída do establecemento a 200 kg de bagazos.

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de xustificante	Tipo doc. identificación	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A08	1-NON SUXEITO	J03	1	1	V0	23080019	200,00	KGM	BAGAZOS	VF01-VF03

Figura 3.3.11 Asento contable de saída con destino ao ámbito territorial interno (Fonte: elaboración propia)

7. CONTABILIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE MESTURAS DE ANADAS

As operacións de mesturas de viños de distintas anadas poderanse subministrar mediante os seguintes asentos contables:

- Un asiento por cada un dos produtos que se van mesturar, consignando o tipo de movemento "A41 - Autoconsumo/empregado (operacións propias)", para reflectir o consumo ou utilización do viño na operación.
- Un asiento para contabilizar o produto resultante dese proceso de mestura, utilizando o tipo de movemento "A15 - Fabricado/obtido".

O tipo de operación de fabricación que se podería indicar é "V08 - Outras operacións de transformación".

A modo de exemplo, a figura 3.3.12 mostra a contabilización dunha mestura de 1.000 litros dunha partida de Albariño 2020 con 6.000 litros dunha partida de Albariño 2021, resultando unha partida de 7.000 litros de Albariño 2021.

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A41	2-SUSPENSIVO	V08	xxx	1	V0	22042938	1.000,00	LTR	ALBARIÑO 2020	VF01-VF03

Figura 3.3.12.a Asento de contabilización da operación de mestura de anadas: incorporación dun primeiro produto (Fonte: elaboración propia)

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A41	2-SUSPENSIVO	V08	xxx	1	V0	22042938	6.000,00	LTR	ALBARIÑO 2021	VF01-VF03

Figura 3.3.12.b Asento de contabilización da operación de mestura de anadas: incorporación dun segundo produto (Fonte: elaboración propia)

²¹ O "ámbito territorial interno" de aplicación é o territorio español peninsular e Baleares. Non inclúe Canarias, Ceuta e Melilla.

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A15	2-SUSPENSIVO	V08	xxx	1	V0	22042938	7.000,00	LTR	ALBARIÑO 2021	VF01-VF03

Figura 3.3.12.c Asento de contabilización da operación de mestura de anadas: contabilización do produto resultante (Fonte: elaboración propia)

8. CONTABILIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE EMBOTELLAMENTO

As operacións de embotellamento poderanse subministrarse mediante os seguintes asentos contables:

- Un asento para contabilizar a saída de produto a granel que se pasa a embotellar, co tipo de movemento "A41 - Autoconsumo/empregado (operacións propias)".
- Un asento para contabilizar o produto resultante dese proceso de embotellamento utilizando o tipo de movemento "A15 - Fabricado/obtido".

No campo do asento contable "tipo de operación de fabricación" podería indicarse o valor "V05 - Embotellamento/envasado".

A figura 3.3.13 mostra a contabilización dun embotellamento de 3.500 litros.

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A41	2-SUSPENSIVO	V05	xxx	1	V0	22042938	3.500,00	LTR	ALBARIÑO 2021	VF01-VF03

Figura 3.3.13.a Asento de contabilización da operación de embotellamento (Fonte: elaboración propia)

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A15	2-SUSPENSIVO	V05	xxx	1	V0	22042138	3.500,00	LTR	ALBARIÑO 2021	VF03

Figura 3.3.13.a Asento de contabilización da operación de embotellamento (Fonte: elaboración propia)

En relación coas operacións de embotellamento, debe terse en conta que non son operacións de elaboración de viño ou mosto ás que se refire a Disposición Adicional Primeira da Orde HAC/998/2019, polo que, en principio, non resultan aplicables as normas especiais de subministración agregada de asentos contables recollidas na devandita disposición.

9. CONTABILIZACIÓN DE MOVEMENTOS DE AUTOCONSUMO. UTILIZACIÓN DOS TIPOS DE MOVIMENTO "A14 – AUTOCONSUMO/EMPREGADO" OU "A41 – AUTOCONSUMO/EMPREGADO EN OPERACIÓNS PROPIAS"

A anotación contable dos consumos ou utilización de produtos obxecto do imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas pode realizarse utilizando dous tipos de movementos:

- Autoconsumo/empregado (A14).
- Autoconsumo/empregado en operacións propias (A41).

Con carácter xeral, calquera consumo ou utilización de produtos, sexan ou non obxecto de impostos especiais, no proceso de elaboración desenvolto no establecemento rexistrarase co movemento "A14 - Autoconsumo/empregado". Véxase un exemplo para a entrada de uva na sección 3) do apdo. 3.3.1.7. Tamén se anotará mediante este movemento calquera consumo ou utilización no establecemento de produtos contabilizados, sexan ou non obxecto dos impostos especiais, fóra dos procesos de fabricación ou transformación desenvolto neste (por exemplo, consumo de produtos obtidos no establecemento en probas/catas, etc.).

Non obstante, o consumo ou utilización de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación propios da actividade para a que está autorizado o establecemento, e que sexan utilizados como materia prima en fases posteriores do proceso de fabricación ou en novos procesos de fabricación desenvolto no establecemento para obter produtos propios da actividade, rexistraranse como "A41 - Autoconsumo/empregado en operacións propias".

É dicir, rexistraranse con este tipo de movemento os consumos de produtos obxecto dos impostos especiais empregados nos procesos produtivos desenvolto no establecemento, cando o produto utilizado e o obtido sexan produtos cuxa obtención ou fabricación sexa a actividade propia do establecemento.

A título de exemplo, poderase utilizar o tipo de movemento "A41 - Autoconsumo/empregado en operacións propias" para:

- Produtos obtidos no establecemento (viño) que son á súa vez autoconsumidos como materia prima para obter outro produto (viño).
- Produtos obtidos no establecemento que se incorporan ao proceso de envasado/embotellamento do que se obtén o produto xa envasado. Véxase un exemplo na sección 8) do apdo. 3.3.1.7.
- Mesturas de viños para a obtención dun viño mesturado. Véxase un exemplo na sección 7) do apdo. 3.3.1.7.

10. CUESTIÓNS RELATIVAS Á CONTABILIZACIÓN DAS DIFERENZAS EN MENOS (MINGUAS)

A. RÉXIME FISCAL APLICABLE ÁS MINGUAS

O artigo 6 da Lei de impostos especiais establece que non están suxeitas en concepto de fabricación e importación «as perdas inherentes á natureza dos produtos obxecto dos impostos especiais, acaecidas en réxime suspensivo durante os procesos de fabricación, transformación, almacenamento e transporte, sempre que de acordo coas normas que regulamentariamente se establezan, non excedan das porcentaxes fixadas e se cumpran as condicións establecidas para o efecto». No caso de que a perda cumpra os requisitos establecidos neste artigo, esta poderase rexistrar indicando como réxime fiscal "1 - Non suxeito".

Se no momento de realizar a anotación contable tense coñecemento de que parte das perdas exceden os límites regulamentariamente establecidos, poderanse contabilizar separadamente indicando o réxime fiscal aplicable en cada caso. Pero, se no momento de realizar a anotación contable, non se ten coñecemento do réxime fiscal aplicable, poderase:

- Indicar réxime fiscal "1 - Non suxeito" e, ao final do trimestre, cando se teña coñecemento do réxime fiscal aplicable, se procede, poderase anular o asento e subministralo cos datos correctos.
- Indicar réxime fiscal "1 - Non suxeito" e, ao final do trimestre, cando se teña coñecemento do réxime fiscal aplicable, non modificar os asentos.
- Rexistrar como réxime fiscal "2 - Suspensivo", xa que o artigo 6 fala de perdas acaecidas en réxime suspensivo.

En calquera caso, é preciso ter en conta, para calcular a liquidación do imposto, que é necesario incluír as perdas suxeitas para os efectos de calcular a cota tributaria devindicada.

B. CONTABILIZACIÓN DAS MINGUAS

Se a mingua se produce durante o proceso completo de fabricación, poderase contabilizar cun asento contable co tipo de movemento "A32 - Diferenzas en menos en fabricación". Este asento ten carácter informativo e non minora as existencias de produtos (véxase a sección 5) do apdo. 3.3.1.7).

As existencias do produto correspondente reflectiranse mediante o asento contable do tipo "A15 - Fabricado/obtido", co que se fornece o produto real obtido do proceso ou fase deste que corresponda.

Tipo movemento	Diferenzas en menos	Réxime Fiscal	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A30	VB04	1-NON SUXEITO	1	V0	22042138	22,50	LTR	ALBARIÑO 2021	VF03

Figura 3.3.14 Asento de contabilización da mingua por rotura ou defecto en botellas (Fonte: elaboración propia)

Se a mingua se produce nun produto obtido e que se atopa no establecemento, corresponde a unha mingua de almacenamento, que se poderá reflectir a través dun asento contable co tipo de movemento **"A30 - Diferenzas en menos"**. Neste caso, **este asento si minorará as existencias contables do produto obxecto deste**. A figura 3.3.14 mostra un exemplo de mingua de 22,50 litros nunha partida de Albariño 2021 provocada por roturas ou problemas no embotellamento.

11. CONTABILIZACIÓN DE DETERMINADOS MOVEMENTOS DE SAÍDA

Recóllense, a continuación, a resolución a cuestións relativas á contabilización de saídas de produtos terminados do establecemento.

A. SAÍDAS CON DESTINO A TERCEIROS PAÍSES (NON UE) QUE ABANDONAN A UE POR UN ESTADO MEMBRO DISTINTO DE ESPAÑA

Neste tipo de operacións, normalmente, os trámites de exportación realízanse ante unha aduana situada en España e, posteriormente, o produto circulará ata a aduana de saída situada noutro Estado membro da UE amparada nun e-DA expedido no EMCS intracomunitario (véxase o apdo. 4.2, "Requisitos da AEAT", dentro da parte 4, "Requisitos relativos aos transportes", desta guía). Para os efectos contables, estas operacións recóllense como unha saída á exportación.

Nos datos de ORIXE/DESTINO débese reflectir a aduana na que se presenta a declaración de exportación, cos seguintes datos:

- Tipo documento identificativo: 3 (outro).
- Número documento identificativo: código da aduana de despacho segundo as táboas "Lista de aduanas".
- Nome/Razón social: nome da aduana de despacho segundo as táboas.
- CAE/Nº SEED: non é necesaria a súa formalización.

B. FORMALIZACIÓN DOS DATOS DE ORIXE/DESTINO EN MOVEMENTOS DE SAÍDA Á UE

Nos asentos contables relativos a unha saída á UE deberán cubrirse os datos do grupo 7 (ORIXE/DESTINO) do anexo I da Orde HAC/998/2019, indicando os datos do destinatario do movemento. Estes datos son os indicados no punto 5 do EMCS intracomunitario que ampara a circulación relativos ao destinatario (non os do lugar de entrega indicados no punto 7 do EMCS):

- Tipo documento identificativo: 2 (NIF/IVE intracomunitario).
- Número documento identificativo: NIF/IVE asignado ao destinatario por calquera Estado membro distinto de España.
- Nome/Razón Social: destinatario da mercancía.
- CAE/Nº SEED: número SEED do destinatario do movemento.

C. CONTABILIZACIÓN DUN CAMBIO DE DESTINO

Se se realiza un cambio de destino en relación cun produto que saíu do establecemento e se contabilizou previamente a súa saída, rexistrárase un asiento con tipo de movemento "A13 - Cambio de destino" (sen signo). Mediante este asiento contabilízanse os novos datos derivados dun cambio de destino conforme os apartados A.1.b) 7º e B.1.e) do artigo 29 do RIE e, de ser o caso, o artigo 38 do RIE. A figura 3.3.15 ilustra un exemplo.

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipos de xustificante	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A13	2-SUSPENSIVO	J01	1	V0	22042138	150,00	LTR	ALBARIÑO 2021	VF03

Figura 3.3.15 Asento de contabilización do cambio de destino (Fonte: elaboración propia)

Mediante este asiento contable comunícanse os datos do novo destinatario. O asiento non terá efecto sobre as existencias contables, xa que o produto saíra do establecemento previamente, minorando as existencias contables con ocasión da súa saída.

D. SUBMINISTRACIÓN DE ASENTOS CONTABLES POR VENDAS A PARTICULARES CON ENVÍO A DOMICILIO

As saídas por vendas con envíos a particulares aos seus domicilios poden ter a consideración de vendas polo miúdo e, se cumpren os requisitos establecidos no artigo 4.2.f) da Orde HAC/998/2019, poderán ser subministrados nun único asiento diario agregado co detalle establecido no devandito artigo. Neste caso, non será necesario cubrir os datos relativos ao xustificante.

E. CONTABILIZACIÓN DAS SAÍDAS DO PRODUTO DO ESTABLECEMENTO PARA AGASALLOS, MOSTRAS OU PUBLICIDADE

Os envíos de mostras ou agasallos deben contabilizarse como unha saída de produtos desde o establecemento utilizando o tipo de movemento correspondente ao tipo de saída (interior/UE/exportación), dependendo do destino do envío e identificando como destinatario o cliente ao que se efectúe o devandito envío.

Non existe no ámbito dos impostos especiais un tipo de movemento nin un réxime fiscal especial para este tipo de movementos, polo que **se deben contabilizar como calquera outra saída de produtos do establecemento**. Se as saídas son a destinatarios con CAE autorizados para recibir os produtos en réxime suspensivo, indícarase en réxime fiscal "2 - Suspensivo". Se son saídas interiores a outros destinatarios non autorizados a recibir en réxime suspensivo, indícarase réxime fiscal "4 – Imposto devindicado tipo pleno".

Non é posible subministrar de forma agregada nun único asiento mensual os asentos contables correspondentes ás saídas de produtos do establecemento. Unicamente, se se tratase de saídas como consecuencia de vendas polo miúdo de bebidas alcohólicas,

ás que se refire o artigo 4.2.f) da Orde HAC/998/2019, poderíanse subministrar de forma agregada nun único asento diario por cada produto obxecto do imposto, identificado polo seu código NC ou polo código de referencia previsto no apartado I.9.8 do anexo da devandita orde.

F. CONTABILIZACIÓN DAS CATAS OU DEGUSTACIÓNS REALIZADAS NA ADEGA

O produto que se destina a catas ou degustacións dentro do establecemento pode ser considerado como un consumo ou utilización no establecemento de produtos obxecto da actividade, á marxe do proceso produtivo. Estes movementos poden ser reflectidos mediante o correspondente asento contable, en que o que se poderá indicar:

- Tipo de movemento: "A14 - Autoconsumo/empregado" (ver a sección 9) do apdo. 3.3.1.7).
- Tipo de operación: "V08 – Outras operacións".
- Réxime fiscal: "4 – Imposto devindicado tipo pleno".

Tipo movemento	Réxime fiscal	Tipo de operación	Número de operación	Epígrafe fiscal	Código da epígrafe	Código NC	Cantidade	Unidade de medida	Descrición do produto	Tipo de envase
A14	4-IMPOSTO DEVINDICADO TIPO PLENO	V08	xxx	1	V0	22042938	75,00	LTR	ALBARIÑO 2021	VF01-VF03

Figura 3.3.16 Asento de contabilización de cata ou degustación realizada na adega (Fonte: elaboración propia)

12. POSIBILIDADE DE UTILIZAR UN GRAO MEDIO NOS VIÑOS EN FUNCIÓN DO CÓDIGO NC

Cando o produto obxecto do asento contable é un produto incluído no ámbito obxectivo dos impostos sobre o viño e bebidas fermentadas, debe reflectirse o dato do grao alcohólico do produto. Cada asento contable debe reflectir a graduación do produto obxecto deste, sen que resulte admisible de forma xeral establecer un grao medio por código NC.

Non obstante, se en función dos métodos utilizados no establecemento para comprobar e determinar o grao alcohólico dun produto obtido resultasen pequenas variacións nas medicións realizadas, pode resultar admisible a utilización dun grao medio calculado, se este responde a unha realidade derivada da agregación contrastada dos datos individuais relativos a produtos de natureza análoga. Por exemplo: obtense un viño no establecemento, efectuándose varias medicións do grao alcohólico do produto obtido e almacenado no tanque. Se hai pequenas variacións de grao nas medicións realizadas, pode admitirse a determinación do grao alcohólico do produto polo grao medio calculado.

3.3.2. Declaración trimestral de operacións na fábrica e depósitos de viño (modelo 553)

Nesta declaración, que se realiza utilizando o modelo 553, reflíctense as operacións habidas nun establecemento durante o período (trimestre).

NOTA IMPORTANTE

Desde o 1 de xaneiro de 2020, coa entrada en vigor do sistema SILICIE, desaparece a obriga de presentar esta declaración de operacións para aquelas adegas elaboradoras de viño e bebidas fermentadas que subministran os seus asentos de contabilidade de existencias a través da sede electrónica da AEAT (tanto de modo directo como mediante sistema contable interno).

Seguirán obrigados a presentar esta declaración aqueles pequenos elaboradores que decidan acollerse á opción de levar a súa contabilidade de existencias nos libros foliados e que, polo tanto, non subministren electronicamente os seus asentos contables á AEAT (ver apdo. 3.3.1.5).



Teño obriga?

Si, se son un pequeno elaborador e decidín levar a miña contabilidade de existencias mediante libros foliados en soporte papel.



Onde o presento?

Debe presentarse na sede electrónica da AEAT mediante o **modelo 553**.



Cando o presento?

Deberase presentar **trimestralmente** e **dentro dos vinte primeiros días** dos **meses de xaneiro, abril, xullo e outubro**, para as operacións do trimestre natural inmediatamente anterior.



Documentos adxuntos?

Modelo 553. Ver caso práctico (Figuras 3.3.3 e 3.3.4).

CASO PRÁCTICO

Imos ilustrar esta declaración cun caso práctico:

Supoñamos unha adega que vai realizar a declaración do primeiro trimestre, é dicir, dos meses de xaneiro, febreiro e marzo dun determinado ano.

A adega conta, ao 1 de xaneiro, cunhas existencias iniciais de 322.100 litros de viño rematado cunha graduación de 12% vol. alc. Nese período compra a outra adega da DO un granel de 15.000 litros con graduación de 12,5% vol. alc. Ademais, realiza as seguintes vendas:

- 34.000 botellas de 0,75 l a diversos clientes no territorio peninsular, para consumo.
- 20.000 litros a granel a outra adega da DO.
- 10.000 botellas de 0,75 l a un distribuidor en Alemaña.
- 56.000 botellas de 0,75 l para exportación a distintas adegas do Brasil, China e EE. UU.
- 2.500 botellas de 0,75 l a un distribuidor nas Illas Canarias.

Na figura 3.3.17 ilústrase a formalización do modelo 553 correspondente ao primeiro trimestre:

Impuesto sobre el Vino y Bebidas Fermentadas		Modelo		
Declaración de operaciones en fábricas y depósitos fiscales de vino y bebidas fermentadas		553		
(1) Oficina Gestora				
* Código				
D 38200				
(2) Identificación				
* N.I.F.				
Apellidos y Nombre o Razón Social:				
Domicilio fiscal:	Num.:	Esc.:		
	Piso:	Pta.:		
Localidad y provincia:				
(3) Período de liquidación				
* Ejercicio	* Período			
2018	1T - Primer Trimestre			
(5) Movimiento de productos (Cantidades expresadas en HL con 2 decimales)				
		1 Vinos Tranquilos		
		Volumen real	Alcohol puro	
(A) Existencia inicial		8221	886,52	
(B) Fabricado				
(C) Entradas	Operaciones Interiores	340	40,8	
	Resto Unión Europea			
	Importación			
(D) Salidas	Con impuesto	255	30,6	
	Sin impuesto	Operaciones Interiores	200	24
		Resto Unión Europea	75	9
		Exportación	438,75	52,85
	Exentas			
(E) Empleo en operaciones propias				
(F) Existencia final		2402,25	289,02	
(G) Diferencia				
Recepciones		150	18,75	

Figura 3.3.17 Caso práctico (parte 1) de declaración trimestral de operaciones nas fábricas e depósitos fiscais de viño e bebidas fermentadas (modelo 553) (Fonte: elaboración propia a partir do modelo 553 da AEAT)

Precisións ao caso práctico:

- A imaxe recortouse para presentar soamente o apartado 1 do modelo 553, dedicado a viños tranquilos (aínda que o modelo dispón doutros tres apartados para viños espumosos, bebidas fermentadas tranquilas e bebidas fermentadas espumosas). Supoñemos que esta adega non conta con viños espumosos nin con outro tipo de bebidas fermentadas; no caso de que existisen, o método de formalización sería o mesmo que cos viños tranquilos.
- Debemos consignar os datos en hectolitros, utilizando ata 2 decimais se é necesario, e nas columnas "volume real" e "alcohol puro". Nesta última calcularanse os hectolitros de alcohol a partir da graduación dos distintos lotes de viño.
- A compra de 15.000 litros de viño debe consignarse no apartado C), "Entradas" en "operacións interiores", pero tamén no apartado final "Recepcións".
- As 34.000 botellas de 0,75 l vendidas a clientes no territorio peninsular, para consumo, correspóndense con 25.500 litros suxeitos ao imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas (aínda que este sexa cero). Supoñemos que os destinatarios destas vendas non son operadores autorizados e, polo tanto, non dispoñen de CAE.
- Os 20.000 litros a granel vendidos a outra adega da DO é unha operación interior en réxime suspensivo, sempre e cando a outra adega sexa un operador autorizado (é dicir, dispoña de CAE). O envío ampararase, no relativo ao imposto especial, mediante un EMCS interno²². (Respecto diso, véxase a parte 4 desta guía, e, en particular, o apdo. 4.2, "Requisitos da AEAT".)
- As 10.000 botellas de 0,75 l a un distribuidor en Alemaña correspóndense con 7.500 litros (polo tanto, 75 hectolitros), e é unha operación intracomunitaria en réxime suspensivo, sempre e cando o receptor sexa un operador autorizado no seu país (é dicir, atópese rexistrado no rexistro territorial competente cun código ou clave de actividade –similar ao CAE español– que lle autorice recibir viño, e polo tanto consignado no SEED). O envío ampararase, no relativo ao imposto especial, mediante un EMCS intracomunitario.
- As 56.000 botellas de 0,75 l enviadas a adegas do Brasil, China e EE. UU. correspóndense con 42.000 litros (polo tanto, 420 hectolitros), e trátase de operacións de exportación (a terceiros países, é dicir, fóra da UE) en réxime suspensivo, sempre e cando cada receptor sexa un operador autorizado no seu país (é dicir, atópese rexistrado no rexistro territorial competente cun código ou clave de actividade –similar ao CAE español– que lle autorice recibir viño). O envío ampararase, no relativo ao imposto especial, mediante un EMCS ata a aduana de despacho correspondente, onde sería complementado mediante un DUA (Documento Único Administrativo) de exportación, que se debe asociar ao documento EMCS anterior para finalizar este.

²² Para todo o relativo á circulación de viño suxeita ao imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, véxase o apdo. 4.2.

- As 2.500 botellas de 0,75 l enviadas a un distribuidor nas Illas Canarias correspóndense con 1.875 litros (polo tanto, 18,75 hectolitros), e constitúe unha operación de exportación (dado o status particular de aplicación dos impostos especiais no territorio das Illas Canarias, Ceuta e Melilla) en réxime suspensivo (polo tanto, este volume súmase ao anterior no apdo. "Exportación", resultando 438,75 hectolitros), sempre e cando o receptor sexa un operador autorizado (é dicir, dispoña de CAE). O envío ampararase, no relativo ao imposto especial, mediante un EMCS interno ata a aduana de despacho correspondente, onde sería complementado mediante un DUA (Documento Único Administrativo) de exportación que asociarán ao documento EMCS anterior para finalizalo.

Nota 1: Se a adega realizase algunha operación interna con viño rematado (p. ex. unha mestura, unha trasfega a barricas, etc.), a cantidade de hectolitros involucrados nesta considerárase tamén unha entrada para operacións interiores (produtivas), e deberíase indicar paralelamente unha utilización da mesma cantidade de viño en operacións propias (apdo. E) (e, polo tanto, en réxime suspensivo). Non obstante, neste caso non sería necesario consignar a cantidade no apartado final "Recepcións", dado que non se trata dunha recepción de viño desde o exterior do establecemento.

Por exemplo, se no caso práctico anterior a adega realizase tamén no mencionado período unha mestura dun volume de 5.000 litros dun tipo de viño con outros 14.000 litros doutro tipo (en ambos os dous casos, do viño rematado en existencias), a declaración trimestral debería facerse coma se indica na fiura 3.3.18.

(5) Movimiento de productos (Cantidades expresadas en Hl. con 2 decimales)				1 Vinos Tranquilos		
				Volumen real	Alcohol puro	
(A)	Existencia inicial			3221	388,52	
(B)	Fabricado					
(C)	Entradas	Operaciones interiores				
		Resto Unión Europea		340	40,8	
		Importación				
(D)	Salidas	Con impuesto		255	30,8	
		Sin impuesto	Operaciones Interiores		200	24
			Resto Unión Europea		75	9
			Exportación		438,75	52,85
		Eventas				
(E)	Empleado en operaciones propias			190	22,8	
(F)	Existencia final			2402,25	289,02	
(G)	Diferencia					
	Recepciones			150	18,75	

Figura 3.3.18 Caso práctico (parte 2) de declaración trimestral de operacións nas fábricas e depósitos fiscais de viño e bebidas fermentadas (modelo 553) (Fonte: elaboración propia a partir do modelo 553 da AEAT)

É dicir, vemos como no recadro do apdo. (C) "Entradas, Operacións interiores", constan agora 340 hl (os 150 comprados máis o 190 obxecto de mestura), e no recadro do apdo. (E) "Empregado en operacións propias", constan os 190 hl obxecto de mestura.

Nota 2: Se a adega trasladase viño dun lugar a outro distinto (p. ex. a un almacén auxiliar), non sería necesario consignalo no modelo 553, sempre e cando ambos os dous lugares formen parte do mesmo establecemento inscrito no rexistro territorial de IIEE cun mesmo número CAE.

3.3.3. Relación trimestral de primeiras materias entregadas (modelo 521)

Nesta declaración, que se realiza utilizando o **modelo 521**, recóllese o destino dado aos residuos da vinificación e que poden constituír materia prima para a destilación de alcohol.

Esta declaración vén esixida pola Orde EHA/2770/2010, do 26 de outubro, pola que se aproba o modelo 521 "Relación trimestral de primeiras materias entregadas", e se establecen o prazo e o procedemento para a súa presentación.

Nota: Sempre hai que declarar o destino do bagazo, aínda que non sexa para destilería, senón para destrución pola propia adega (p. ex. queima), para reutilización como fertilizante, etc.

NOTA IMPORTANTE

A partir do 1 de xaneiro de 2020, coa entrada en vigor do sistema SILICIE, **NON desaparece a obriga de presentar esta declaración trimestral de primeiras materias entregadas** para aquelas adegas elaboradoras de viño e bebidas fermentadas que subministran os seus asentos de contabilidade de existencias a través da sede electrónica da AEAT.

Teño obriga?



Estarán obrigados a presentar o modelo 521, quen almacene produtos que constitúan materia prima para a fabricación de alcohol vínico. Cando se trate de bagazos, piquetas e demais residuos da vinificación incluíranse no devandito modelo, calquera que sexa o seu destino. Polo tanto, si, en todos os casos.



Onde o presento?

Debe presentarse na sede electrónica da AEAT mediante o **modelo 521**.



Cando o presento?

Deberá presentarse trimestralmente, pero só cando nese período de tempo realizase a conversión do mosto en viño e se obtivesen deste subprodutos (bagazos). A presentación do modelo 521 debe realizarse dentro dos vinte primeiros días seguintes ao remate de cada trimestre natural.

	<p>Documentos adjuntos?</p> <p>Modelo 521. Ver caso práctico (Figura 3.3.5).</p>
	<p>Existe un procedemento para a destrución do bagazo?</p> <p>Débese enviar un correo ao Servizo de Intervención da AEAT, con mínimo de dous días de antelación, comunicando a data na que se pretenda depositar os bagazos nas leiras, identificando todos os datos necesarios.</p>
	<p>Base legal</p> <p>Orde EHA/2770/2010, do 26 de outubro, pola que se aproba o modelo 521 "Relación trimestral de primeiras materias entregadas" e se establecen o prazo e o procedemento para a súa presentación.</p>

CASO PRÁCTICO

Imos ilustrar esta declaración cun caso práctico:

Supoñamos unha adega que, tras obter o viño, vendeu os bagazos derivados da transformación, un total de 2.540,5 kg, a "Destilerías Fernández e Hijos, S.L.". A declaración debería realizarse segundo se indica na figura 3.3.19.

N.I.C.U.	Denominación y número o razón social	Actividad	C.I.F.	Producto	Cantidad	Unidad
00000000	Destilerías Fernández e Hijos S.L.	04	0000000000	04	2540,5	kg

Figura 3.3.19 Caso práctico de relación trimestral de primeiras materias entregadas (modelo 521)

(Fonte: elaboración propia a partir do modelo 521 da AEAT)

Precisións ao caso práctico:

- No modelo 521 débense indicar todas as empresas ou persoas físicas ás que se lles entregaron os bagazos extraídos na produción do viño.

- O modelo mostra unha serie de recadros cun interrogante no que se pode picar para obter información sobre cal é o código que se debe introducir.
- Picando no recadro da columna “Actividade” do apdo. 4, “Resumo por destinatarios dos produtos subministrados no trimestre de referencia”, desprégase a táboa da figura 3.3.20, na que se indican os posibles códigos e as súas definicións. No caso de destilerías empregarase o código D2 – almacenistas de residuos vínicos.

Código <>	Descrición <>
D0	Fábricas de bebidas refrixeradas
D3	Otros destinatarios de azucrosa
D9	Otras actividades
D1	Elaboración de piquetas
D2	Almacenistas de residuos vínicos
D3	Otros destinatarios de residuos vínicos
D4	Fábricas de puros
D5	Fábricas de licorías
D6	Alimentación de ganado
D7	Almacenistas de melazas
Subtotal(10 de más de 10):	

Figura 3.3.20 Códigos de actividade do modelo 521 (Fonte: AEAT)

- Ademais, no mesmo apdo. 4, o recadro da columna “Produto” tamén permite ver a listaxe de produtos dispoñibles (figura 3.3.21). Neste caso, como se traballa con lías e bagazos, o código para empregar é o 04.

Código <>	Descrición <>
01	Isoglucosa
02	Mielas (incluído concentrados)
03	Vinos
04	Lías (flocos, lúgos) secas e prensadas
05	Piquetas de orujo y caldos de pozo
06	Caldos fermentados de jugos, melas y melazas de caña
07	Caldos fermentados de jugos, melas y melazas de remolacha
08	Caldos fermentados de otras materias
09	Melazas de caña
10	Melazas de remolacha
Subtotal(10 de más de 10):	

Figura 3.3.21 Códigos de produto do modelo 521 (Fonte: AEAT)

3.4. Declaracións aos consellos reguladores

As adegas inscritas nos rexistros de adegas dos consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas ou indicacións xeográficas protexidas están suxeitas tamén á obriga de presentar certas declaracións periódicas ou en datas determinadas. Esta obriga debe ser consultada a cada un dos consellos reguladores.